



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

ASUNTO: PROPOSTA DELEGACIÓN COMPETENCIAS INSPECCIÓN ICIO E TAXA URBANÍSTICA

EXPEDIENTE: 2025/G006/000258 (EXPTE. ORIXE: 2025/X999/000544)

O Pleno deste Concello, en sesión realizada o día 22 de decembro de 2025 acordou a aprobación inicial da DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS RELACIONADAS CO ICIO (inspección do imposto sobre construcións, instalación e obras e da taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, así coma da recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras) na Deputación da Coruña.

O expediente permanecerá exposto ao público durante un prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento a efectos de que todos os interesados poidan presentar as reclamacións e/ou suxestións que estimen oportunas ante o Pleno, en aplicación do disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 7 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais e/ou no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello: <https://sede.betanzos.gal>

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

Betanzos, na data que figura na marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade se garante mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)